

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE XANEIRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día oito de xaneiro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 30 de decembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local do seguinte escrito:

- Correo electrónico do 7 de xaneiro de 2020, da FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), no que informa sobre a Resolución do 18 de decembro de 2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da media Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. BDNS (Identif.) 488325. DOG núm. 247 do 30-12-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Código do documento	Código do expediente
USG14I000M	USG/2020/1
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6415 4T6V 204M 0K4V 0U3G	

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio ambiente, obras e servizos:

“

- Resolución núm. 2070 de data do 13/12/2019, pola que se autoriza o uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización na R/. Campo, núm. 11 e R/. Regueira, núm. 3, da parroquia de Almeiras.
- Resolución núm. 2071 de data do 13/12/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización na Avda. de Acea de Ama núm. 6-8 e R/. Ramón Cabanillas, núm. 2-4-6, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 2072 de data do 13/12/2019, pola que se autoriza o uso especial por D. P. V. G. dos terreos de dominio público municipal afectados para a conexión de pluviais á rede existente na R/. Unión, da parroquia de Culleredo.”

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e prace
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)